

**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá**

**José Miguel Mahía Prados**

(Delegación da Alcaldía: R.A. 114/2020 de 06.02.2020).

**Asunto: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA E O EMPREGO, NO TERMO MUNICIPAL DE MUGARDOS, ANTE A CRISE SANITARIA PROVOCADA POLA COVID-19 (MUGARDOS REACTIVA)**

O Concello de Mugardos no ámbito das súas actuacións e ante a situación excepcional pola que se está a pasar, tanto sanitaria como economicamente, provocada polo COVID-19, ten a obriga de protexer o interese xeral da cidadanía de Mugardos, e en especial ao sector empresarial. Para que a actividade económica no termo municipal de Mugardos sufra o menos posible o impacto desta crise económica, o Concello entende que as persoas autónomas, microempresas ou pequena empresa precisan mais que nunca a axuda a Administración, nun momento no que as empresas do municipio están a incorrer en moitas perdas, pola concorrencia dunha situación de crise sanitaria mundial, precisan que o seu concello as axude, para lograr un beneficio que afecta a toda a cidadanía.

As persoas profesionais autónomas e microempresas constitúen a base fundamental sobre a que se sustenta a economía a todos os niveis, desde o local ao europeo. Neste concello hai máis de 200 persoas traballadoras autónomas e microempresas afectadas gravemente por esta inesperada crise, a súa sustentabilidade económica e viabilidade a corto prazo e, por ende, o mantemento e a creación de emprego a nivel local e na provincia en xeral, resulta certamente moi difícil. Así, que o concello quere apoiar firmemente o traballo dos profesionais autónomos e das microempresas axudándolles a sacar adiante os seu proxectos laborais e empresariais, que sendo transversais a todos os sectores, son vitais para a reactivación económica.

Por este motivo, resulta imprescindible e necesaria a posta en marcha dun instrumento público como é o MUGARDOS REACTIVA: AXUDAS PARA O MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA E O EMPREGO, NO TERMO MUNICIPAL DE MUGARDOS, ANTE A CRISE SANITARIA PROVOCADA POLA COVID-19 en adiante MUGARDOS REACTIVA, concibido como unha medida extraordinaria para paliar os efectos económicos negativos derivados da pandemia da COVID-19, nas microempresas e persoas traballadoras autónomas do noso termo municipal.


Visto que existe crédito adecuado e suficiente segundo certificado emitido pola Intervención municipal con data 04/11/2020.

Visto que pola Secretaría accidental emítese informe xurídico favorable sobre as Bases e a convocatoria con data 04/11/2020.

Visto que o día 04/11/2020 a Intervención municipal emitiu informe de fiscalización ao respecto.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



## **Concello de Mugardos** (A Coruña)

Por todo o exposto, e de acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Mugardos (BOP núm. 183/25.09.2013), e en uso das facultades conferidas pola normativa legal vixente, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria das axudas para o mantemento da actividade económica e o emprego, no termo municipal de Mugardos ante a crise sanitaria provocada pola COVID-19 (Mugardos Reactiva), co texto que figura anexo á presente Resolución.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto derivado desta convocatoria, que ascende a 137.173,26 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 241.47100, do orzamento en vigor, prorrogado de 2017, do proxecto de gasto 20205AUTO11.

**TERCEIRO.-** Que a Intervención subministre á BDNS a documentación necesaria para que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que se publique o texto da convocatoria no Taboleiro de Edictos do Concello, na web municipal <http://www.concellodemugardos.gal> e na Sede electrónica municipal <https://sede.concellodemugardos.org>

### **ANEXO**

#### **PROGRAMA DA SUBVENCIÓN MUGARDOS REACTIVA**

#### **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA E O EMPREGO, NO TERMO MUNICIPAL DE MUGARDOS, ANTE A CRISE SANITARIA PROVOCADA POLA COVID-19 (MUGARDOS REACTIVA)**

##### **1.- Obxecto da presente convocatoria**


O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada pola COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Mugardos, outorgando liquidez ás empresas do municipio para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e emprego e amortecer a redución drástica de ingresos.

Preténdese protexer o interese xeral da cidadanía de Mugardos, dando soporte ás persoas autónomas, microempresa e pequena empresa, para minimizar o impacto da crise económica provocada pola COVID-19 e lograr que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía da nosa vila, actuando directamente sobre as persoas físicas e xurídicas máis afectadas.

O Concello de Mugardos, exercendo de Administración local que actúa coa proximidade e a eficiencia de coñecer a realidade das súas empresas, quere cumprir coa súa actividade de fomento do emprego, seguindo as regras de estabilidade e de gasto. Nun momento no que as empresas do municipio están a incorrer en moitas perdas, pola concorrencia dunha situación de crise sanitaria mundial, precisan que o seu concello as axude, para lograr un beneficio que afecta a toda a cidadanía. A utilidade pública deste programa de subvención queda xustificada ao igual que a non duplicidade.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



## **Concello de Mugardos** (A Coruña)

O Concello de Mugardos está a cumprir co seu rol de estrutura local de apoio ao desenvolvemento local, e lonxe de invadir competencias ou producir ningunha duplicidade fai posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei nacional de emprego (art. 4 RDL 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

### **2.- Normativa aplicable**

1.- As bases reguladoras polas que se rexe a presente convocatoria é a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Mugardos (BOP nº 183 do 25/09/2013).

2.- A presente convocatoria rexeráse, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS) e o seu regulamento de desenvolvemento (en diante RS), aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante LSG); pola Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (en diante LBRL); polas bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020; e, supletoriamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

3.- Así mesmo, están sometidas ao réxime *de minimis*, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, do 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013).

4.- A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

5.- A súa tramitación realizarase por medios electrónicos en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas

6.- A convocatoria destas subvencións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do concello, así como na Base Nacional de Subvencións (BDNS), con indicación do diario oficial no que se publicará o extracto destas, operando como sistema nacional de publicidade das subvencións.

### **3.- Crédito orzamentario**


A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 137.173,26 € do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 241.47000 e código de proxecto 20205AUTO11.

No caso de que finalizado o prazo de solicitude se presentasen un número de solicitudes para o que non fosen suficientes as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible. Non obstante, a efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito antes de proceder á concesión das axudas por este importe adicional.

Se aínda así o orzamento asignado non é suficiente para conceder todas as subvencións solicitadas aplicarase como criterio de prioridade a data e hora de presentación.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



## **Concello de Mugardos** (A Coruña)

Se, pola contra, resoltos os expedientes presentados no prazo establecido na convocatoria e non téndose esgotado este, poderase acordar a realización dunha segunda convocatoria destas axudas, ditando, para o efecto, as normas necesarias para a súa execución.

### **4.- Contía das axudas**

Ao abeiro do artigo 30.7 da LXS, a todas aquelas persoas físicas e xurídicas que teñan a condición de beneficiarias de acordo co establecido no punto 5 seguinte, concederáselles unha subvención coas seguintes contías fixas:

- 1.- 1.000 € a aquelas persoas físicas ou xurídicas sen persoal por conta allea ao seu cargo ou ata 2 traballadores/as (inclusive), a día 1 de marzo de 2020.
- 2.- 1.250 € a aquelas persoas físicas ou xurídicas con persoal por conta allea ao seu cargo de entre 3 e ata 5 traballadores/as (inclusive), a día 1 de marzo de 2020.
- 3.- 1.500 € a aquelas persoas físicas ou xurídicas con persoal por conta allea ao seu cargo de entre 6 e ata 9 traballadores/as (inclusive), a día 1 de marzo de 2020.

### **5.- Requisitos para ser persoa ou empresa beneficiaria**

1.- Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que sexan:

1.a) Beneficiarias da prestación extraordinaria por cesamento de actividade, prevista no artigo 17 do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, (na súa derradeira redacción dada tras as modificacións operadas polos reais decretos-leis 15/2020, do 21 de abril; 13/2020, do 7 de abril; e 11/2020, do 31 de marzo) adoptadas como consecuencia da aprobación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, pola que se declara o estado de alarma.

1.b) Beneficiarias dalgunhas das seguintes prestacións económicas da Seguridade Social: por incapacidade temporal, maternidade/paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural e, se cubriren a súa ausencia na actividade contratando persoal por conta allea, como mínimo ata o 13 de marzo de 2020. Deberán demostrar que desenvolven unha actividade afectada polo peche de establecementos como consecuencia da declaración do estado de alarma ou que sufriu unha redución da súa facturación no mes de abril 2020 de polo menos o 75%, en relación coa media do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma (setembro 2019-febreiro 2020) ou o período de actividade, se é menor aos 6 meses.


Deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha microempresa ou pequena empresa. A microempresa e a pequena empresa son aquelas definidas conforme o anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

b) Que o enderezo fiscal ou, se é o caso, o local de desenvolvemento da actividade se atopen no termo municipal de Mugardos.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



## Concello de Mugardos (A Coruña)

c) Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS) e coa Administración da comunidade autónoma. Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, se é o caso.

d) Non ter ningunha débeda pendente co Concello de Mugardos. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, se é o caso.

e) Ter xustificada calquera subvención que lle fose concedida con anterioridade polo Concello de Mugardos, sempre que finalizase o correspondente prazo de xustificación.

f) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función das cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención e, se é o caso, do seu reintegro.

g) Só poderá ser subvencionada unha solicitude por empresa, aínda que varios socios/as da empresa sexan traballadores/as autónomos/as titulares e, polo tanto, beneficiarios e con dereito á prestación extraordinaria por cesamento de actividade. Tamén só será subvencionada unicamente unha empresa, independentemente de ter varios centros de traballo ou ter de alta varias actividades económicas coincidentes cos CNAE subvencionables.

2.- Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro así como o persoal autónomo colaborador.

3.- En ningún caso o importe da subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.


### 6.- Concorrenza con outras subvencións

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente doutras administracións ou entes, sempre que o importe total das axudas non supere o límite de intensidade fixado na normativa aplicable, de acordo co disposto no artigo 19 da Lei xeral de subvencións.

Por tratarse de subvencións sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013, do 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013), fixa no seu artigo 3.3 que “o importe total das axudas *de minimis* concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá de 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais”; para as empresas do sector transporte de mercadorías por estrada, este límite redúcese a 100.000 euros. No Regulamento (UE), núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



## **Concello de Mugardos** (A Coruña)

acuicultura (DOUE L190, do 28 de xuño) fíxase que as axudas *de minimis* totais que se conceden a unha mesma empresa non poderán superar os 30.000 euros. E no Regulamento (UE), núm. 1408/2013, do 18 de decembro, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L352, do 24 de decembro) fíxase que o límite *de minimis* se reduce a 20.000 euros.

No caso de resultar beneficiaria dunha subvención ao abeiro desta convocatoria e con posterioridade resultar beneficiaria doutra subvención incompatible con esta, poderase renunciar á subvención concedida polo Concello de Mugardos, reintegrando o importe percibido e aboando ademais os correspondentes xuros de mora xerados, tal e como se establece na Lei xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006 e na Lei de subvencións de Galicia.

### **7.- Prazo e forma de presentación de solicitudes**

1.- As solicitudes presentaranse por vía telemática a través da Sede Electrónica deste concello, accesible a través do enlace (<https://sede.concellodemugardos.gal>) utilizando o formulario de solicitude xeral dispoñible na sede xunto coa documentación correspondente. Para a presentación de solicitude por medio electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

2.- O prazo de presentación iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación do extracto das bases reguladoras e da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), vía conduto da BDNS, e finalizará as 14.00 horas do día 25 de novembro de 2020.

3.- A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización, do modelo de solicitude xeral de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

### **8.- Documentación a achegar**


1.- A solicitude xeral deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

#### **A. En caso de persoa física:**

- a) DNI polas dúas caras ou NIE.
- b) Certificado actualizado de situación censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e, se é o caso, o do local de desenvolvemento da actividade.
- c) Informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores/as a día de 1 de marzo de 2020.
- d) Certificación de conta bancaria.
- e) Documento de concesión da mutua ou o organismo correspondente que acredite ser beneficiario/a da prestación extraordinaria por cesamento de actividade ou por incapacidade temporal, por maternidade/paternidade ou por risco durante o embarazo/lactación.
- f) Certificacións orixinais de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- g) Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria de Galicia.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



## **Concello de Mugardos** (A Coruña)

Se o/s certificado/s non fora/n expedido/s no prazo establecido na normativa aplicable, ou se o dito prazo se prolongara máis alá do establecido para solicitar a subvención, deberase acompañar á solicitude da subvención a acreditación de solicitar o certificado, debendo achegalo con posterioridade, unha vez expedido polo órgano correspondente.

Para o caso das beneficiarias expostas no punto 5.1.b) destas bases, terán que achegar tamén os seguintes documentos:

h) Contrato de traballo formalizado para a substitución da persoa autónoma titular, debido á súa baixa por IT, maternidade/paternidade ou risco durante o embarazo/lactación.

i) A acreditación da redución da facturación á que se fai referencia e no período establecido. Realizarase mediante a achega da información contable que o xustifique, podendo facerse a través da copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas; do libro diario de ingresos e gastos; do libro rexistro de vendas e ingresos; ou do libro de compras e gastos. Aqueles/as traballadores/as autónomos/as que non estean obrigados/as a levar os libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a redución polo menos do 75%, esixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

### **B. En caso de persoas xurídicas, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:**

a) CIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

b) Certificado actualizado de situación censal da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e, se é o caso, o local de desenvolvemento da actividade.

c) Contrato de constitución da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica; e escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro.

d) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.


e) DNI polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.

f) Informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesouraría da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores/as a día de 1 de marzo de 2020.

g) Certificación de conta bancaria.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



## Concello de Mugardos (A Coruña)

h) Documento de concesión da mutua ou organismo correspondente que acredite ser beneficiario/a da prestación extraordinaria por cesamento de actividade ou por incapacidade temporal, por maternidade/paternidade ou por risco durante o embarazo/lactación.

i) Certificacións orixinais de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.

l) Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria de Galicia.

Se o/s certificado/s non fora/n expedido/s no prazo establecido na normativa aplicable, ou se o dito prazo se prolongara máis alá do establecido para solicitar a subvención, deberase acompañar á solicitude da subvención a acreditación de solicitar o certificado, debendo achegalo con posterioridade, unha vez expedido polo órgano correspondente.

Para o caso das beneficiarias expostas no punto 5.1.b) destas bases, terán que achegar tamén os seguintes documentos:

m) Contrato de traballo formalizado para a substitución da persoa autónoma titular, debido á súa baixa por IT, maternidade/paternidade ou risco durante o embarazo/lactación.

n) A acreditación da redución da facturación á que se fai referencia e no período establecido. Realizarase mediante a achega da información contable que o xustifique, podendo facerse a través da copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas; do libro diario de ingresos e gastos; do libro rexistro de vendas e ingresos; ou do libro de compras e gastos. Aqueles/as traballadores/as autónomos/as que non estean obrigados/as a levar os libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a redución polo menos do 75%, esixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

2.- Deberase presentar, así mesmo, unha declaración responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamiento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que é beneficiario/a da prestación extraordinaria por cesamento de actividade regulado no Real decreto -lei 8/2020 ou, segundo o caso,

- Que é beneficiario/a dunha prestación por IT, maternidade/paternidade ou risco durante o embarazo/lactación e contratou persoal por conta allea para a súa substitución na actividade e se encontra nunha das seguintes situacións.

- A súa actividade económica estivo suspendida como consecuencia da declaración do estado de alarma ou sufriu unha redución da súa facturación no mes de abril 2020 de polo menos o 75%.


- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

Avda. de Galicia, 45. Tfnos. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





## Concello de Mugardos (A Coruña)

- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e en concreto nos apartados 2 e 3 do artigo 13, e para ser receptora do pago establecido no apartado 7 do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante se compromete a declarar as axudas de *minimis* que lle foron concedidas por calquera proxecto durante os tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, se é o caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.
- Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución desta. Terá que declarar calquera ingreso ou subvención que financie a actividade subvencionada, indicando de ser o caso, importe e procedencia.
- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.

### 9.- Instrución do procedemento de concesión

1.- A concesión da subvención regulada nesta convocatoria realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e nos artigos 20 a 25 da Lei de subvencións de Galicia.

A ordenación e instrución do procedemento corresponderá a Concellería de Facenda, Persoal e Participación Cidadá a través do servizo de promoción económica, que realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución.

O concello poderá requirir aos solicitantes para que acheguen canta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a súa solicitude, así como para que se proceda á corrección dos defectos apreciados na solicitude, todo iso no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación do requirimento. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, éstas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme ao criterio establecido no apartado 9.2 seguinte, e deberá emitir proposta no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

A Comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:

Presidente/a: O/A concelleiro/a de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.


Secretario/a: O da corporación ou persoal en quen delegue (con voz e sen voto).

Vogais: A Axente de emprego e desenvolvemento local, e a interventora municipal ou persoal en quen delegue.

2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia competitiva. Establécese como criterio de valoración a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, e debe reunir a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa,

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



## **Concello de Mugardos** (A Coruña)

considerarase como data para os efectos de orde de prelación para a concesión a data de presentación no rexistro de entrada da última documentación relativa á devandita solicitude. A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible.

3.- O servizo instrutor comprobará pola súa orde cronolóxica de presentación as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas á Comisión de Valoración para ser resoltas favorablemente. As solicitudes que se presentasen con posterioridade a ese momento, en previsión da posterior ampliación de crédito á que se refire a Base 3ª, manterán a orde de prelación establecida, de data e hora de presentación da solicitude, para o efecto de aplicar o criterio de valoración establecido.

4.- Previamente a elaborar a proposta de acordo, publicarase para os efectos de notificación na páxina web municipal, unha proposta provisional no taboleiro de edictos electrónico do Concello:

a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, que reúnen a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.

b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.

c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida no punto 8 destas bases e convocatoria con indicación da documentación requirida.

As persoas solicitantes referidas no punto a) e c) outorgaráselles o prazo de 10 días hábiles para que aleguen o que no seu dereito consideren oportuno ou, se é o caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.


5.- Logo de que transcorra o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas para iso e informadas polo servizo instrutor, este elevará a proposta de acordo á Comisión de Valoración para que a someta á aprobación do órgano competente e se proceda á súa posterior publicación.

6.- As persoas solicitantes que presentaron en prazo a súa solicitude, pero que foi con posterioridade a esgotarse o crédito inicial dispoñible da convocatoria, quedan á espera dunha posible ampliación de crédito de conformidade co punto 3 destas bases. Unha vez o crédito adicional estea dispoñible procederáse á valoración das solicitudes, seguindo os trámites establecidos nestas bases.

7.- A resolución do expediente será adoptada pola Alcaldía, ou órgano en que delegue. O acordo de concesión de subvencións conterá tanto o outorgamento das subvencións, que fixará expresamente a súa contía, e incorporará, se é o caso, as condicións, obrigas e determinacións accesorias a que debe suxeitarse a persoa beneficiaria destas, como a desestimación expresa do resto das solicitudes, se é o caso, e as causas de denegación.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



## **Concello de Mugardos** (A Coruña)

8.- O acordo será obxecto de publicación na páxina web municipal, no taboleiro de edictos do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións, servindo esta publicación para os efectos da notificación.

9.- O prazo máximo de resolución do procedemento será de seis meses desde a data en que finalice o prazo de presentación das solicitudes. Porá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso- administrativa na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

10.- Será de aplicación, en todo aquilo que non se regulase nestas bases, a Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Mugardos (BOP nº 183 de 25 de setembro de 2013) e, no seu defecto, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003), a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (BOE nº 176, do 25 de xullo de 2006); e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.


### **10.- Obrigas das persoas beneficiarias**

Son obrigas das persoas beneficiarias:

- a) Manter a actividade empresarial, pola que foi subvencionada, ata o 31 de decembro de 2020.
- b) Se é o caso, de ter empregados/as ao seu cargo, mantemento como mínimo dun 50% do persoal declarado no informe da vida laboral da empresa achegado no momento no que se presentou a solicitude.
- c) Para o caso das persoas beneficiarias expostas no punto 5.1.b) destas bases, a contratación laboral da persoa que substitúe ao autónomo/a con dereito á prestación de IT/maternidade/paternidade/risco durante o embarazo/lactación, ten que cubrir todo o período de tempo que dure a prestación correspondente do/a autónomo/a. O/a traballador/a por conta allea non pode ser despedido/a, antes de que finalice a prestación económica da Seguridade Social do/a autónomo/a.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións e, en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.
- f) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei xeral de subvencións e as detalladas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Mugardos.
- g) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



## **Concello de Mugardos** (A Coruña)

### **11.- Xustificación das subvencións**

1. O control das obrigas esixidas no apartado 10 efectuarase mediante a comprobación de oficio polo servizo instrutor do expediente.
2. No mes de xaneiro de 2021, deberán presentar:

#### **As persoas beneficiarias expostas no punto 5.1.a) destas bases**


- a. Certificado actualizado de situación censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- b. Resolución/certificación da alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.
- c. No caso de ter empregados/as ao seu cargo, informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que abarque os meses posteriores á declaración do estado de alarma e ata decembro de 2020 (inclusive).
- d. Declaración responsable do conxunto de axudas concedidas e/ou outros ingresos obtidos para a mesma finalidade.
- e. Documentación acreditativa da redución da facturación mediante a achega da documentación a que fai referencia o artigo 17.10 do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo.

#### **As persoas beneficiarias expostas no punto 5.1.b) destas bases**

- a. Certificado actualizado de situación censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- b. Resolución/certificación da alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.
- c. No caso de ter empregados/as ao seu cargo, informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que abarque os meses posteriores á declaración do estado de alarma e ata decembro de 2020 (inclusive). Para o caso concreto, do/a traballador/a que substitúe o/a autónomo/a con prestación IT/maternidade/paternidade/risco embarazo/lactación, o informe de vida laboral da empresa terá que abarcar o período de duración da prestación económica da persoa autónoma.
- d. Documento(s) oficial(is) acreditativo(s) da duración, no que conste a data de inicio e fin, da prestación por incapacidade temporal, maternidade/paternidade, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.
- e. Declaración responsable do conxunto de axudas concedidas e/ou outros ingresos obtidos para a mesma finalidade.
- f. Documentación acreditativa da redución da facturación mediante a achega da documentación á que fai referencia o artigo 17.10 do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



## **Concello de Mugardos** (A Coruña)

3. A xustificación das subvencións requirirá a aprobación da dita xustificación polo órgano concedente, previo informe de conformidade do servizo xestor.

### **12.- Pagamento da subvención**

1.- O pagamento destas subvencións realizarase nun pagamento único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, ao tratarse dunha subvención concedida ao abeiro do artigo 30.7 da Lei xeral de subvencións, sen que sexa necesaria a constitución de garantías en aplicación do que se establece no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 42 do Real decreto 887/2006.

2.- En caso de incumprimento das obrigas, se é o caso, detalladas nestas bases, o servizo xestor iniciará de oficio un expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos non xustificadas, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

### **13.- Reintegro das subvencións**

1.- O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexeráse polo disposto na normativa establecida na Lei xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006 e na Lei de subvencións de Galicia.

2.- Xunto coas causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a existencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpe a obriga de manter a actividade empresarial ata o 31 de decembro de 2020, e no caso das beneficiarias con persoal ao seu cargo, incumpe a obriga de mantemento como mínimo do 50% do seu persoal establecido no punto 10 destas bases, procederá o reintegro do importe total da subvención. E no caso das persoas beneficiarias do punto 5.1.b) destas bases, tamén se lles esixe a obriga de manter a contratación laboral de substitución por todo o período de tempo que dure a prestación do/a autónomo/a por incapacidade temporal, maternidade/paternidade, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural. O/a traballador/a por conta allea non pode ser despedido/a, antes de que finalice a prestación económica da Seguridade Social do/a autónomo/a.

3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión desta subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderá comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co servizo xestor para os efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os xuros de demora ata o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa banda.

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*